

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Hoxe comezamos a traballar cos calendarios do mes de xuño. Como xa sabedes son tres calendarios: un onde escribimos o día que é, outro onde coloreamos o recadro correspondente ao día e o terceiro onde debuxamos o tempo que fai (deixo os tres calendarios no outro documento para que os poidades imprimir).

As familias que non poden imprimir o documento poden copiar os calendarios nun folio ou caderno, ou poden usar algún calendario que teñan no seu fogar (onde @s nen@s poden ir rodeando o día que é, e debuxan á beira o tempo que fai).



Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: a semana pasada aprendemos moitas cousas das medusas e esta semana imos investigar e aprender moitas características das sardiñas.

Para saber máis sobre as sardiñas miramos o seguinte vídeo “Los peces para niños” (<https://youtu.be/oCCDvHbLsbw>).


Unha vez finalizado de ver o vídeo facemos a seguinte ficha onde primeiro @s nen@s teñen que debuxar unha sardiña e despois contestar ás dúas enquisas: **a que familia pertence?** (mamíferos, peixes, réptiles, crustáceos, moluscos, equinodermos,...), e **é un animal vertebrado ou invertebrado?** (para contestar as enquisas podedes mirar o proxecto que traballamos no 1º trimestre, nel teñen as respostas).

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.




Lóxica- matemática: hoxe tamén imos xogar co dominó, @s nen@s de 3 anos contarán os puntos das fichas e @s nen@s de 4 e 5 anos farán sumas coas fichas do dominó (lembrade que se non tedes un dominó no voso fogar podedes facer as pezas nunha cartolina ou imprimir as fichas do dominó que deixei na web do centro o luns 25 de maio).

Nesta actividade temos que colocar algunhas fichas do dominó nos rectángulos (ou tamén podedes debuxar a ficha do dominó), @s nen@s de 3 anos escriben a cantidade de puntos de cada ficha, e @s nen@s de 4 e 5 anos ademais de escribir a cantidade de puntos teñen que sumalos (como indica a imaxe).



Alumn@s de 3 anos



Alumn@s de 4 e 5 anos

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.

Se queredes realizar esta actividade en máis dunha ocasión podedes introducir a ficha nunha funda de plástico e escribir os números cun rotulador, ao rematar podedes borrar os números cun pano mollado e xa está lista para empregar outro día.

Lectoescritura: continuamos facendo o noso “Libro de letras”. Como hoxe investigamos cousas sobre a sardiña imos traballar a letra “S”.

A actividade consiste en que nun folio debuxamos a letra “S” no medio e despois temos que buscar en revistas ou folletos tres ou catro debuxos que comecen pola letra S (como na imaxe). Recortámoslos e pegámoslos no folio, e despois @s alumn@s de 4 e 5 anos escriben os nomes dos obxectos (@s de 4 anos en maiúscula e @s de 5 anos tentarano facer en minúscula).



Experimento: continuamos cos nosos experimentos, hoxe a mestra Yasmina e eu propoñémosvos facer o experimento “O mar nunha botella”.

Materiais: auga, colorante alimenticio de cor azul (ou témpera azul), aceite vexetal e unha botella.

Paso 1: encher a terceira parte da botella con auga.

Paso 2: engadirlle unhas pingas de colorante alimenticio de cor azul e remexer ata que se mesture ben.

Paso 3: finalmente engadimos o aceite vexetal e tapamos a botella co tapón.

Paso 4: "MAXIA" ao mover a botella vemos como se crean ondas do mar e burbullas (tamén podemos meter dentro da botella algún peixiño de xoguete que teñamos na nosa casa).

Déixovos dos vídeo para mirar o experimento

(<https://youtu.be/TBA0MSLHhbY>) e (<https://youtu.be/FjxMacnqyk>)



Especialistas: lembrade que hoxe é luns e tedes que facer os xogos que déixavos o mestre Daniel no seu apartado e mañá martes coa mestra Yasmina imos facer o taller dos experimentos (pero se algún nen@ quere facer algunha actividade máis con ela podedes premer no seu apartado).

Tamén lembrade que os martes vén a mestra Sara de Audición e Linguaxe e a mestra Lorena de Pedagogía Terapéutica, @s nen@s que traballades con elas non vos esquezades de facer algunha actividade que elas planifican no seu apartado.



Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto de “Nadarín” da editorial Kalandraka (<https://youtu.be/JPmshUPXiUg>).

Ao finalizar podedes facer un debuxo (deixo a ficha no outro documento).

